

Introdución

A chamada Historia Nova ou Total, oposta á tradicional ou rankeana e que se desenvolve dende comezo do século XX en Europa e en España, está formada por unha serie de correntes historiográficas sobre múltiples asuntos e actividades, tais como a historia dende abaxo, da xente corrente, historia rural, urbana, a oral, visual, cuantitativa, microhistoria etc., destacando, entre elas, a historia da muller (Burke. 1993).

A historia das mulleres está asociada á aparición do feminismo polo que a vinculación entre historia das mulleres e a política é evidente e complexa. Nace o movemento político feminista en 1960, cando as activistas feministas reclamaron unha historia que proporcionase heroínas, probas das súas actividades, explicacións da opresión e móbiles para a acción. Máis tarde, cara 1980, aloxáronse da política e ampliaron o campo documentando tódolos aspectos da vida da muller no pasado, adquirindo así un impulso propio (Scott. 1993).

A muller non ten unha definición intrínseca, senón conceptual e só pode elaborarse por contraste, habitualmente cos homes.

A muller, pois, no Antigo Réxime, non ten historia e as súas accións e feitos non se reflicten nas fontes escritas que se conservan, creadas nun contexto patriarcal. Pénsase que o papel desa muller foi pouco relevante ó carecer de proxección pública nas institucións do Estado. Pero os estudos que están a facerse, aínda que de vagar, van comezando a sacar á luz o silencio e a invisibilidade da muller, revelándose a súa presencia como un grupo social diferenciado, cun protagonismo real do que fora privado pola historia patriarcal dominante ata agora no noso país (Díaz Sánchez. 1988).

A historia da muller en tan longo período de tempo pasou por momentos más ou menos proclives á valoración positiva ou negativa da muller, inclinándose escritores e moralistas nun ou outro sentido e tamén contradicíndose. Pódense apreciar diversas fases: a do amor cortés medieval, a do Renacemento, quizás a más favorecedora para a muller, os intentos contrarreformistas de codificación de condutas, fronte os afáns liberadores do século da ilustración, o erotismo no rococó, a asunción do amor extra-matrimonial da Revolución francesa, os novos componentes do romanticismo, como a extravagancia e as desgrazas, mentres o amor libre enterra o matrimonio de conveniencia. En todas estas fases atopámonos con defensores das mulleres (os menos) e con detractores e ata algúns con opinións contradictorias.

Hoxe tentamos reducir o baleiro sobre esta materia no que toca a nosa cidade de Ourense rescatando do esquecemento algunhas mulleres que deixaron pegadas e sobresaíron dos séculos XVI ó XVIII nalgúnha faceta da vida da cidade, sexa pola súa cultura, posta de manifesto en que sabían ler e escribir, cousa non doada entón, xa pola súa sensibilidade artística no encargo de diferentes obras de arte, polo exercicio dalgún oficio e profesión ou polas vicisitudes que houberon de pasar na súa peripécia humana. Pouco sabemos delas, dalgúnhas pouco máis que os nomes.

A súa extracción social é moi variada. Unhas pertencen á nobreza e fidalguía, outras á burguesía mercantil, a oficios diversos ou a prácticas marxinais. O que non podemos detectar son as manifestacións individuais das mulleres do pobo, labregas ou doutros oficios artesanais que na maior parte dos casos quedaron no anonimato e só se manifestaron de forma colectiva.

Para reconstruír a vida das mulleres do pasado debemos reunir todo o que nos chegou delas e do seu entorno: familias e casas en que naceron, mobles e obxectos que as rodearon; o consumo, a arquitectura, a alimentación, o vestido, os hábitos e costumes, seu traballo, os momentos de lecer, súas crenzas e as sepulturas nas que foron enterradas. Xunto a isto, todo o que aparece nas fontes escritas e iconográficas: testamentos, compravendas, retratos, etc.

O MARCO URBANO E SOCIOLÓXICO

Ourense, cidade do interior de Galicia no Antigo Réxime, aínda que de pequeno tamaño, era un núcleo de poder político, económico, social e relixioso. Era residencia fixa ou temporal das elites sociais. Cidade eclesiástica, como o eran Santiago, Tui, Lugo e Mondoñedo, con bispos, cóengos, arcediagos, racioneiros, baixo clero e frades que se movían e convivían, non sempre pacificamente, co goberno local (correxeadores, rexedores e outros burócratas), unha boa representación de homes de leis (avogados, procuradores, notarios), profesionais liberais (médicos e boticarios), militares, artistas e artesáns de tódalas clases, grupos tradicionais, á beira dunha elite económica, composta por mercadores nunha relación estreita coa fidalguía e mesmo coa clerecía.

Estes mercadores seguían coas formas tradicionais dos seus negocios, con preferencia cara sectores de pouco risco, compravendas de panos e mantementos, xestións económicas de institucións rendistas (beneficios eclesiásticos de curatos e tenencias da Catedral, rendas da nobreza absentista e impostos reais e concellís), aínda que non faltaron empresarios de longo alcance, fretadores de barcos a Nápoles, como os Morera, fundadores da fermosa capela de S. Benito da Catedral.

Dentro dos límites da cidade había un sector amplio de poboación dedicada ás actividades agrarias. Toda esta xente atraía ó núcleo urbano súas rendas e soldos, xerando inversíons rústicas e urbanas e unha demanda, máis ou menos estable, man de obra para o servizo doméstico, obras de construción, etc. e dos máis diversos produtos, tanto de primeira necesidade, como de luxo, en moitos casos, que eran atendidas por unha nube de artistas, artesáns, comerciantes e tendeiros autóctonos e estranjeiros. Todo isto xeraba novos modos de vida e expresíons culturais que influían no resto da sociedade.

A poboación urbana da cidade de Ourense tivo certo dinamismo no século XVI e só tras dun longo período de languidez e de falta de pulo no que viu decaer seu nivel de rendas medrou de novo dende mediados do XVIII, aínda que a un ritmo inferior ó de outras cidades españolas¹.

A cidade pasa da idade media á moderna conservando a cerca medieval, que establecía unha fronteira precisa co campo ca circundaba e dentro da cal estruturábbase de xeito que tódalas rúas conducían á Catedral ou a Praza do Campo. Pero ó mesmo tempo, a cidade vai excedendo o vello perímetro, pois a endeble cerca de barro e pouco máis xa non tiña valor defensivo, senón efectos de control fiscal e sanitario; o Estado moderno, instaurado polos RRCC, aseguraba o orde interno, aforrando ós ciudadáns gastos e esforzos.

Novos gustos urbanísticos, o sentido da perspectiva urbana e a despreocupación pola seguridade militar busca amplos espazos onde situar a casa consistorial, na praza central que albergará o mercado, situado extramuros na idade media.

Pero a praza é algo máis que o lugar do mercado semanal. É o lugar de encontro e de cita dos ciudadáns, de coñecemento, onde teñen lugar toda clase de acontecementos relixiosos e profanos. Pregóns, torneos, festas, corridas de touros, xogos de canas, procesións, autos de fe, recepcións de personaxes ilustres, etc.

Novas mansións, igrexas, conventos érguense nas prazas e nas rúas principais, con soportais que defendían dos axentes atmosféricos: do sol ardente do verán e da choiva e do frío do inverno sen enlodarse no lodo que a sucidade e carencia de empedrado favorecía. Moitos servizos van saíndo do casco: hospital, matadoiros, lavadoiros, pelamios, etc.

Por todo isto, a cidade ten que fazer fronte a moitos problemas urbanos que irá solucionando lentamente concienciando ós veciños, cando non imponiendo cuantiosas multas: a sucidade das rúas e prazas, a onde ían excrementos humanos e de animais e por onde pułulaban animais domésticos, en onde convivían adegas e lagares con

cabalarias, obradoiros e talleres de toda clase de artesáns, actividades contaminantes como matadoiros e a pixotaría con olores fedorentos, etc. Moitas rúas non estaban pavimentadas e só cubertas con area e coios.

As construcións de edificios acumulaban moreas de madeira, cal, pedra que labraban os canteiros interrompendo o paso das persoas.

A rede de sumidoiros praticamente non contaba máis que con restos romanos na rúa da Barreira e da Fontaíña e as augas residuais e as inmundicias formaban charcos, barro e ceno ou eran recollidas en pozos negros.

O empedrado das rúas comeza a remediar a canalización superficial e moitos regatos, que baixaban do alto da cidade, incluído o da Burga, foi preciso enderezalos.

Non había canalizacións de auga potable. A escaseza desta só se paliaba coa auga das Burgas, algunas fontes e cos escasos pozos que algúns veciños tiñan nas súas hortas.

O calor abafante do verán só era temperado cos pozos de neve que algunas institucións posuían na serra, pero ós que non tódolos cidadáns podían chegar.

As condicións sanitarias eran, pois, péssimas, favorecendo as temibles pestes para as que non había remedio e que asolaron a cidade incluso na idade moderna.

Temible era a escuridade nocturna para a seguridade das persoas e os frecuentes incendios que prendían con forza nas casas de madeira.

O abastecemento de toda clase de mantementos, en especial de pan, no que era deficitaria a cidade, era precario e lento, debido ás difíceis comunicacións, o que podía provocar terribles fames.

AS MULLERES

Neste escenario movíanse as nosas mulleres, xirando, agás no caso das mulleres marginais, case sempre, como correspondía a unha sociedade patriarcal, arredor dos pais, dos esposos, dos irmáns e titores. As mulleres teñen un papel secundario e están aí en calidade de mulleres, viúvas, nais, fillas, tías, sobriñas, mozas, amantes ou avoas dos protagonistas masculinos, aínda que, as veces, preséntanse con certa autonomía, a través do seu oficio ou dedicación, como ocorre no caso dunha libreira, boticaria ou das mercadoras e fidalgas.

Esta muller do Antigo réxime corresponde a un modelo tradicional, sen variacións a penas apreciábeis dende o pasado ata ben entrado o século XX.

Os modelos son os que nos expón Luis Vives, na súa obra «De institutione feminae christianaæ» (1524) e Fr. Luis de León na «Perfecta casada» (1583), que nos deixa unha

serie de retratos ou carácteres ben delimitados (*Celestina*, casada malhumorada, entremetida, etc.), e seus seguidores, como Alonso de Herrera, no «*Espejo de la perfecta casada*».

Todos consideran á muller como de natureza débil e fraca, só sustentada pola virtude, e sinalan a escasísima instrucción que se permitía ás casadas, como se fose algo pernicioso para a paz do matrimonio. Esta doutrina, teoricamente, procede do xudaísmo e, filosoficamente, de Aristóteles. Recolle a tradición bíblica, harmonizada con reminiscencias escolásticas.

De aí que no Antigo Réxime a desigualdade xurídica home-muller fose algo evidente e ninguén a cuestionase.

Este modelo de muller perpetúa a falta de instrucción, o analfabetismo e a ignorancia ata extremos grotescos, agás as consabidas excepcións, que adoitaban darse, principalmente, na nobreza e fidalguía e certa burguesía asimilada á fidalguía.

No Antigo Réxime o proceso de aprendizaxe cultural movíase en límites moi estreitos; a instrucción primaria, sempre para homes, estaba nas mans da iniciativa privada, dos concellos e da Igrexa, permanecendo o Estado relativamente indiferente ó asunto. Os nobres eran formados por preceptores nas súas propias residencias ou na escola de Monterrei. O clero instruíase nas escolas catedralicias, pois o III Concilio de Letrán de 1179 decretara a obriga de toda catedral de posuír escola non só para os clérigos, senón tamén para os leigos en certas circunstancias. As fundacións dependían dos concellos ou de persoeiros privados. As mulleres, sen embargo, non dispoñían de escolas e a súa educación xiraba arredor do entorno familiar.

Só as cousas comenzaron a cambiar coa implantación do Estado Liberal, que pasenálticamente vai a empuñalas rendas da instrucción a raíz da transición do Antigo Réxime a sociedade liberal.

O liberalismo proclamou que o novo réxime non se compuña de súbditos, senón de cidadáns con dereito a participar nos asuntos públicos mediante o voto. Era, por tanto, preciso instruír ós cidadáns, pero as mulleres quedaron excluídas do voto, en España, ata 1931, polo que non se consideraba urgente nin precisa a súa instrucción (Narciso de Gabriel. 1992).

A formación intelectual da muller durante a Idade Media e Antigo Réxime contaba con un índice de analfabetismo moi elevado. Pensemos que aínda en 1860, segundo o Censo español dese ano, o 90% das mulleres eran analfabetas. É dicir, 6.802. 846 dun total de 7.907.973. Do millar restante, 715.906 sabían ler e escribir e 389.221 só escribir (Censo de 1860). E, en Galicia, por razóns de todos coñecidas (dispersión da

poboación, climatoloxía adversa, traballo infantil, deficiencias da institución escolar e indiferenza e escaso desexo de instrución por certos segmentos sociais), o contraste áinda era maior, pois de cada cen alumnos matriculados nas escolas primarias só unhas catorce eran mulleres en 1855, mentres que a media estatal estaba en 31'87. Na provincia de Ourense, en 1855, o porcentaxe de nenas nas escolas era del 15'99 e, en 1885, subiu a 32'87.

A explicación está en que a formación cultural era fundamentalmente oral, doutrinal, visual e lúdica e consistía na asistencia ós sermóns, á confesión, ás misas e demais actividades relixiosas, ó teatro (autos sacramentais, comedias, dramas, loas, entremeses, etc.) na época barroca, áinda que dende lugares apartados (a cazuela); a lectura de libros de oración. Tamén axudaban á formación artística, a contemplación de obras de arquitectura (igrexas, pazos, etc.) pinturas, relevés, esculturas dos retablos e coros das igrexas, e outras obras de arte (pratería e outras artes menores), que expoñían dogmas, historia sagrada, etc.

Pese a todo, algunas mulleres da fidalguía e burguesía comercial dispuxeron dunha formación modélica que lles permitía firmar os diversos documentos que ó longo das súas vidas outorgaron, unhas con firmas que mostran pouca pericia escrituraria, firmas de trazado individual a mancira de debuxos, mesturando as veces maiúsculas con minúsculas, sen rúbrica ou só insinuada que fan dubidar que souberan escribir, pero outras deberon contar cunha formación que lles deu a práctica habitual da lectura de libros relixiosos ou de novelas de cabalerías e sentimentais, de poesías de todas clases. As mulleres mercadoras, necesariamente en certas categorías, precisaban de saber ler e escribir, para informarse dos contratos que pechaban e das noticias que lle proporcionaban as relacións epistolares con outros mercadores e incluso con banqueiros (novos sistemas de pago como letras de cambio e billetes de empréstito) no comercio a distancia.

O problema da muller era profundo e antigo e máis que persoal era xenérico. Inténtase romper con ideas, principios, usos, costumes e intereses profundamente arraigados. Isto explica que, pese a aparición esporádica dunha maior valoración da muller a niveis minoritarios, o plantexamento feminista non acababa de gañar a batalla ó longo de varios séculos e está a quedar como unha problemática latente (Faus, 2003).

A postura da sociedade do Renacemento cara a muller foi moi positiva. O floreceemento inusitado da cultura española, a consideración da muller intelixente e culta forma parte desa corrente valorativa xeral. A admiración propiciada por grandes mulleres como Isabel a Católica ou Santa Teresa marcan unha tendencia positiva,

aínda que minoritaria, a favor da educación feminina. Delas son boa mostra as obras de Luis Vives (*Institutio feminae christiana*) e Fr. Luis de León (*La perfecta casada*). Sen embargo, a muller seguía desposuída de múltiples dereitos.

A concepción tradicional da muller non desaparecía, máis ben parece reafirmarse cunha crecente ofensiva masculina contra as mulleres, confirmada por abundantes textos literarios da época. A tendencia verase reforzada pola ofensiva relixiosa da Contrarreforma, segundo se desprende da lexislación dos séculos XVI e XVII.

En España as mulleres podían ser raíñas, rexentes, gobernadoras, pero non podían exercer cargos municipais, aínda que si podían transmitilos ós seus fillos varóns. A muller non tiña acceso ós centros de ensino superiores. Estaban desposuídas da condición de primoxénitas a favor dos irmáns máis xoves. A muller solteira estaba sometida a tutela do pai de por vida e, se estaba casada, a do marido. Á mesma tutela debía someterse a administración dos seus propios bens.

O século XVIII, sen embargo, tentou cambiar o panorama co triunfo de novas ideas ancoradas no predominio da razón con enteira liberdade e responsabilidade, sentando as bases de fenómenos políticos e sociais tan importantes como o liberalismo, a democracia e a valoración da muller: Analízase a capacidade intelectual da muller e a necesidade da súa educación. O P. Feijoo será o primeiro que na primeira metade do XVIII se atreverá a defender esa opinión na carta 16 do Teatro Crítico, «En defensa de las mujeres». Na segunda metade, outros escritores (Campomanes, Clavijo, Jovellanos, Moratín, Cardeal Lorenzana e o arcebispo Mayoral, etc. e mesmo escritores de segunda categoría, coma o noso paisano Vicente do Seixo (1747–1802) (Meijide. 1989) que se mostrou dubidoso e contraditorio na súa obra «Reforma agrícola y emancipación de la mujer») seguen os pasos do benedictino con plantexamentos utilitarios. As Sociedades Económicas de Amigos do País, a súa vez, levan a cabo un importante labor de ilustrar e mellorar a vida española en tódolos ordes. Todo isto reflíctese nunha actividade lexislativa das derradeiras décadas do XVIII, encamiñada a mellorar a instrucción da muller e facilitar o acceso ó mundo do traballo e da cultura. Pero o proceso de culturización imparable da sociedade quedou un tanto paralizado para a muller ata o século XIX.

Neste século XIX, unha serie de circunstancias políticas e militares, o triunfo do romanticismo con novas ideas, sensibilidade e estética supoñen unha volta atrás na mellora da instrucción e do status social da muller. No seu afán de revalorizar a Idade Media, prodúcese un novo tipo de muller ideal na que se funden o peor da muller tradicional, súa ignorancia, e a falta de sentido práctico, propio da mentalidade romántica. Só na segunda metade, tralo triunfo da Revolución do 1868, krausistas

e institucionalistas pretenden a mellora cultural e ética dos españois, sen ter en conta seu sexo, e figuras como Concepción Arenal e Emilia Pardo Bazán inician a súa loita feminista.

A primeira xeración de mulleres españolas que tivo conciencia de si mesmas como mulleres escritoras emerxe cara 1841, no intre do apoxeo do movemento romántico e dunha ondada de reformas liberais. En Galicia, Concepción Arenal, tralo fondo contestatario da Fernán Caballero, Carolina Coronado e Gómez de Avellaneda, pon de manifesto baixo a inclinación conformista unha conciencia rebelde e feminista, desenvolvendo en obras como «La mujer del porvenir», «La educación de la mujer» e «La mujer de su casa» teses que logo asumiría a Condesa de Pardo Bazán na década dos noventa, converténdose nunha firme defensora das reformas feministas.

A Condesa de Pardo Bazán viu con claridade que a raíz do atraso da muller española estaba nunha concepción errónea por parte da sociedade da natureza feminina. Seu ensaio «La educación del hombre y la mujer» é un magnífico análise da situación e dos posibles remedios. Sinala dous errores fundamentais. O primeiro consiste en considerar que «el papel que a la mujer corresponde en las funciones reproductivas de la especie humana determina y limita las restantes funciones de su actividad humana». De aí nace o segundo erro, o de crer que «la mujer es más apta para su providencial destino cuanto más ignorante y estacionaria». A consecuencia é o destino relativo da muller, a idea de que «el eje de la vida femenina no es la dignidad y felicidad propia, sino la ajena del esposo e hijos, el padre o el hermano», do home, nunha palabra. Esta situación só pode ser superada mediante unha educación que lle permita chegar á emancipación económica, ó traballo en tódolos campos, dende os traballos manuais, considerados propios de mulleres, ata a cátedra universitaria.

Rosalía de Castro segue outros camiños e móstranos a súa desconformidade con un sistema sexual que considerabainxusto e un sistema social que lle parecía abusivo e inhumano.

A semiente que estas mulleres esparexeron deron os froitos que hoxe estamos a vivir.

AS MULLERES OURENSÁS

De acordo coa información obtida, neste traballo agrupamos as mulleres ourensás tendo en conta algúnsa faceta común destacada, aínda que en moitos casos unha muller podería verse reflectida en varias desas facetas. A tipoloxía social presentada trata de analizar a situación de distintos grupos de mulleres, dentro dun ciclo crono-lóxico amplio, comprobando o seu papel dentro das estratexias familiares, tanto mari-tais como extramaritais.

Ista clasificación permítenos definir un ámbito de estudio, sen que pretendamos dar conta da evolución de tódolos fenómenos analizados do principio ó fin.

Mais non propoñemos arquetipos. Só nos limitamos a mostrar un abano de opcións de condutas ante os múltiples retos da vida diaria. Necesariamente, a carencia de información suficiente non nos permite outra cousa que esbozos de leves pinceladas, fragmentos de historias individuais, exemplos e puntos de partida para examinar a difusión de determinados usos e estilos de vida que serven para coñecer a experiencia dos homes e mulleres do pasado e mostrar a grande complexidade de situacións que se agochan baixo as afirmacións xenéricas.

As fontes de todo tipo poñen de releve o protagonismo das mulleres que representan a oligarquía da sociedade estamental e incluso da nobreza: as donas. O importante papel destas mulleres dentro das estratexias familiares na configuración do entorno material da vida cotiá queda patente nos exemplos escollidos, quedando así mesmo plantexados outros aspectos mais difusos e opacos da súa vida, como a educación, consumo, participación nos negocios familiares e, incluso, o conflito amoroso no seo doméstico, con especial atención ó seu labor de padroado artístico, ditado pola súa profunda relixiosidade.

Outras mulleres pertencen ás clases medias urbanas que formaban parte da burguesía mercantil no exercicio dunha diversidade de oficios.

Nas marxes da sociedade estamental están as mulleres das clases más baixas: dende as que exercen os traballos de menor consideración social –amas, serventas e criadas– ata pobres de solemnidade, coxas, cegas e eivadas, e as sufridoras de toda indefensión xurídica– as escravas.

Por debaixo da fría clasificación dos distintos grupos resultantes, agóchanse as realidades que afectaban ás mulleres na súa vida material e afectiva e os esforzos que precisaban para obter os recursos da súa supervivencia e moverse no proceloso mar da súa subsistencia.

Todas as protagonistas de estes esbozos biográficos mostran, independentemente da súa orixe social, trazos individuais moi precisos que representan a moitísimas mulleres anónimas, que ocuparon espazos análogos ou viviron situacións semellantes.